

J. Estévez L.

# DE IDA E VOLTA

POEMAS DE AMOR E DESTRUCCIÓN



# VIAJE DE IDA E VOLTA

"Que no es fácil asumir que estés tan  
/cerca  
y al mismo tiempo tan distante,  
saber que otros te nombran y tú existes  
en una realidad que yo no alcanzo"

Ariadna G. García.

*LIBERATEMI il cuore  
da questa assurda stagione d'amore  
piena di segreti ricordi*

Alda Merini

j. estévez l.

## PUNTO DE PARTIDA

¿Como explicar este empeño, disfrazados a meta e os camiños, eu sen seguro de vida?

Talvez unha flor impide ver o bosque de espiños, talvez ignore eu os lapotes do código de signos (a linguaxe duns ollos con sabor a chicle, o siseo nuns pés de bailarina...)

¿Que dispositivo embarga o itinerario ao mundo novo, que semáforo, que porta, que cordón policial, que discurso enreda se o meu amor, humilde planeta, xira e xira ao teu redor?

¡Ai, os camiños do amor que a miúdo conducen ao calvario!...¡Canto eu non daría, miña prenda, por ser Pablo Neruda ou Pedro Salinas para celebrar caricias de poeta no ceo da túa boca!.

Bisoño no destino que conduce as horas, só teño dúas mans para acariciarte, dous ollos para beberte, labios encendidos para bicarte, pálpitos, avenidas de pálpitos, meu ben...

*Yo quisiera ofrecerte el mundo y no puedo.*

"CHAMEI-TE PARA ME PERDER NOS TEUS CAMINHOS"  
(Sophia de Mello)

**Confesión  
e  
demanda  
de primeiros auxilios:**

As noticias que posúo da túa biografía son máis ben escasas: un ramallo de farrapos no buzón de voz, nada, un bocado nos tempos de fartura...As noticias son escasas pero non me preocupa.

O que si me preocupa, ¡e canto!, é a terapia para curarme de ti, o lume purificador para incinerar o teu sorriso caducifolio, que botón premer para desactivarte do meu destartalado corazón, o cordón umbilical a cortar para saír do teu círculo vicioso e voar en liberdade, que tecnoloxía usar para desintoxicar a pantalla do meu corazón electrocutado nas túas adherencias sibilinas, sen rodeos, cara a cara.

¿A cicuta...?

¡Vae victis!, miña ruliña. Un xa non é o que era, e a día de hoxe prefiro sobrepoñerme nos oráculos das tabernas, de ganchete dos espellismos e falando a soas co barullo das paredes (¡que lonxe vos fica o tempo da inocencia!).

Mais, nesta peregrinación ao víacrucis final cómpre comezar polas primeiras letras.

Vagabundo  
no meu peculiar despiste,  
naquel tempo  
arrastraba eu os pés  
polos camiños da noite  
buscando como auga de maio  
a quen escribir un poema  
e apareciches ti,  
como a tiro de pedra,  
un encanto para min.

-Eu a esta nena non a coñezo,  
mais o meu corpo treme  
e a febre ilumina as penumbras.

*"Vê como o verão/subitamente/se faz agua no teu  
peito/,e a noite se faz barco/e a minha mão  
marinheiro"* Eugénio de Andrade.

Suspirando  
polo boca a boca,  
sotto voce a paixón regresa.

Dende a melancolía  
das sombras, serpeando,  
florecen ecos dun amor  
que respira clandestinidade,  
inventando hipóteses  
para roubar a túa respiración de trigo.

En ton coloquial, naces dunha debilidade, coma  
quen pilla un catarro por andar descalzo de  
mañán sobre metáforas de orballo, asaltando  
aromas nas páxinas dunha quimera (*todo me doía  
de tanto como che quería*)...

...sería fantástico amor, ¡como non!, que, tal  
e como canta Serrat, non perdesen sempre os  
mesmos, que ti te deixases convencer e que  
foses como eu te imaxino...

... as túas mans entre as miñas mans,  
conxugando o verbo amar...

...carteiro en bicicleta, leva recados de  
amor...

## P Ó R T I C O

Confeso que teño os meus párpados de proletario  
deslocalizado incinerados de tanto cortexarte  
na voz da disidencia ¡ai, meu amor e castigo!,  
inxectando busca e captura nos pentagramas da  
melancolía, cosidos os meus ollos aos teus como  
están.

Déboche miles de versos  
que non  
son quen de escribir,  
débesme  
séculos de caricias  
que non  
eres quen de concibir.

E non te teño,  
meu amor,  
e non te teño.

E non te teño  
pero confío cegamente  
na profecía que anuncia  
a túa presenza espida,  
grácil e virxe, coma  
unha alfaia subversiva  
navegando na brétema  
do río Miño.

Neste páramo no que habito  
invoco os teus labios  
que residen nos meus ollos  
como incógnitas,  
para comezar a vivilos.

Invoco os teus labios  
para non sucumbir  
nos camiños do despropósito  
(recollendo o eco dos días fríos)  
e para non afogar nun vaso de auga...

...¡tremendo tanto amor como eu sinto por ti,  
que nin cabe neste libro...!

...¡e ti que nin me prestas a mínima  
atención!...

...outra cousa mellor para darche non teño, meu  
ben...

O teu corpo  
luminoso coma o sol  
asoma entre as nubes  
e  
contigo  
de pronto todo desperta na miña vida.

O soño que nunca ousara eu soñar:  
un relax  
por un mapa de perfumes e sedas...

Encendida en min a ilusión,  
na euforia  
reclamo o dereito  
a comer a túa boca oceánica,  
a beber a meniña dos teus ollos...

Corredor de fondo,  
agardarei por ti.

*"Me encuentro con su ausencia donde quiera que  
vaya". Javier Vela*

## **EXPLORACIÓN DE FRAGMENTOS**

(breve aproximación a un pozo sen fondo:  
paixóns que nin secan nin se poden lavar)  
*A C.F.*

I

Ao lonxe, unha melodía  
(sentinela de luz e calor)

Estudiaban na vella facultade,  
universidade de Santiago,  
cando foron adolescentes  
expulsados por defender  
a rebelión espiral do seu pobo  
e o nirvana da inocencia rota.

Detido el e condenado, descansa  
na tutela efusiva do discurso,  
refuxiado na liturxia exquisita  
do sublime espectáculo ritual.

Doctorado en feridas varias  
é poeta importante  
e un importante profesor de enigmas  
e madrugadas, aprendendo a vivir  
(¿a onde irán os soños, a onde irán...?).

Místico singular,  
non abandona a protesta  
nin a reivindicación da patria,  
aínda que sexan poucos os que o comprendan  
e menos aínda os que o aplaudan.

Daquela ¿lembras?  
daquela amabamos a liberdade  
pero gobernaban os das cadeas,  
amabamos os soños ceibes...nos tempos  
da miseria pensar estaba prohibido.

A nosa biografía  
unha estrela que regresa  
coma unha promesa na gaiola  
dun verso mal vestido.

Tamén  
amabamos os versos novos  
e fusilaron aos novos poetas,  
reclamabamos pan para todos...  
¡eran os días dos fornos de bolsillo!

A nosa biografía  
unha estrela que regresa  
coma unha promesa na gaiola  
dun verso mal vestido.

Amabamos a xustiza xusta,  
si,  
e os xuíces condenáronnos  
por querer ser libres...  
¡canto non amabamos  
nos tempos do amor prohibido!

Perseguindo a túa santidade  
tropecei  
no arrabalde das túas caricias  
co feliz misterio da carne.

Prendado,  
ofrendei a precaución en sacrificio.

*No deixeis que descorche  
ninguno de tus senos  
o beberé su alcohol hasta embriagarme*  
Ariadna. G. García

¿A que profesor de felicidade  
debo eu pedir consello  
para osixenar cada segundo  
desta vida que vivo sen ti...?

¿A que pasantías debo asistir  
para asumir con sixilo, con  
estilo e medida, a desesperación  
por non poder estar cada día contigo...?

¿Que tráfico de influencias  
para saciar esta inmensa sede  
no teu acuífero curativo...?

¿Como sosegar a nostalxia  
que recreo inutilmente  
unha e outra vez,  
esa esponxa  
tan inútil coma a inútil tristeza  
nas tardes dun domingo de inverno ...?

(Admito  
que non estou ben dotado  
para converter a auga en viño:  
non sei quen eres, non sei quen son...).

EXILIADO  
DO  
TEU  
CORPO  
E  
ALGO  
FALTO  
DE  
ÁNIMO,  
AS  
GRAZAS  
DOU  
POLO  
AROMA  
DAS  
TÚAS  
MIRADAS.

Foi na Rúanova onde transitamos as cordas  
ambulantes da nosa furtiva guitarra, borrando  
os graffitis dun amor fuxitivo que sabiamos  
escrito palmo a palmo nas fronteiras do  
abismo...

Cando me miras  
son barco varado  
a un metro da túa ternura.

¿Deixarás  
que biquen  
a túa boca  
os meus poemas...?

Manco e cego como estou ¿como caligrafar (pagando o prezo que corresponda) nesta afonía que me domina, o inmenso arrebatado de pracer que aínda sinto cando penso en ti?

¿Será certo o que contan/cantan os TUGORES no seu disco *Jantar com inspirasao*: "*l'amor... tot el que m'agrada és possible*"?

... Con fervor para ti, aquela a quen tanto amei, a que amei desesperadamente, a que con todas as miñas forzas amei...

... aínda que inutilmente pretendía eu pacer no teu dourado santuario de luz...

... aínda que inutilmente pretendía eu abrir as portas para beber o elixir da túa xuventude en flor.

*"Eres tan fermosa, eres tan irmá miña, tan irmá miña a vida, caeches do ceo, enches a miña alma ata o último recanto. Eres miña, sempre o fuches, a miña vida é completamente túa"*

Fragmento dunha carta de  
Boris Pasternak a Marina Tsvetáieva.

E coñecerte foi a orixe,  
o meu país natal,  
a explosión,  
a vocación pola vida,  
a fonte de todas as fontes  
para a inmensa sede que eu padecía...

Para ti  
construiría un palacio,  
no patio fontes e palmeiras,  
fincas con viñedos,  
no horizonte o mar,  
as gaivotas...

...¡e que nin sei  
-escritor de minúsculas  
en branco e negro que son-  
do que eu podería ser capaz...!

¡Canto  
eu non  
daría,  
meu ben,  
por ser  
museo  
para  
gardar  
os  
teus  
tesouros  
e  
as  
túas  
labradas...!

Miña ninfa, miña prenda, meu caviar, na ilusión óptica o teu sorriso un precioso río de auga cristalina, tan inxenuamente hospitalario que ben merecerías o premio Nobel da ternura se o tal premio houber...esa ternura túa na que abrollan tulipáns e xacintos azul porcelana, amatistas color lila...

Os teus ollos son para min como as luces da madrugada, manantial de auga fresca para unha triste alma magoada, esta miña alma en pena...

¿Cómo dicircho...?

¿Qué será de min se non...?

*Yo también persigo el dulce amor,  
el tierno amor para durmir al lado.*

Jaime Gil de Biedma.

DESTRUÍDA  
A MURALLA DEFENSIVA,  
O MEU CORPO ARDE  
NA SOMBRA DAS TÚAS MUXICAS  
¡AI DONA DAS MIÑAS RETINAS...!

TI ERES  
COMA UN DOCE ATENTADO  
PARA A MIÑA SAÚDE MENTAL...

... UN SABOR  
A UVAS DE MOSCATEL...

...NOS DÍAS DE SOL  
UN ATRACTIVO ASUBÍO  
DE BURBULLA PRIMAVERAL.

Insensato de min,  
chameite e non  
respondiches,  
non estabas,  
e soñei e soñei...

E soñei  
que na alcoba  
as almofadas  
resucitaban  
as xeografías  
percorridas  
explorando  
os nosos corpos  
inmaculados...

¿O AMOR MOVE MONTAÑAS...?

Mercenario,  
transito  
por este atardecer  
da miña vida  
con certo nerviosismo,  
mergullado  
nun mar de dúbidas,  
aterecendo,  
indocumentado...

¿Como interpretar os signos?

¿Ser ou non ser?

É verán,  
na praia os turistas  
falando en portugués...

... ¡barquillos,  
a los ricos barquillos!

... e ti,  
meu banco de coral,  
e ti que non estás aquí...

¿Deixarás,  
Venus incerta,  
que biquen  
a túa boca  
estes poemas...?

UN CORAZÓN  
SOLITARIO  
NON  
É  
UN  
CORAZÓN  
¿NON SI, DON ANTONIO MACHADO...?

¿Sabes, meu amor...?  
Se te invento  
(sen dispositivo intrauterino)  
é para que comas no meu prato  
e para que descanses na miña cama.

Se te invento é  
(nin + nin - )  
porque te necesito...

Quérote  
*"abandonado como los muelles en el alba",*  
remando no noso río branco e azul...

*Quérote como se quere cando  
queremos moito*  
Lupe Gómez

¡Que amencer tan lindo este de hoxe...!  
¡Que día tan magnífico o que se presenta!

Sinto a imperiosa  
necesidade de escribir  
un poema  
e  
lémbrome,  
¡como non!,  
de ti  
e  
¿que mellor poema...?

Contemplo  
o teu rostro  
nesta luz  
que brilla...

Ti aquí,  
no meu corazón,  
latendo,  
ti  
o meu corazón...

Reclamo

a liberdade para voar  
nas secuencias azuis  
da nosa marabillosa  
película azul,  
un delicioso capricho  
con sabor a miradas puras.

Nesta declaración

-talvez demasiado tarde-  
ti o meu poema,  
un premio inxenuo  
para a inxenuidade,  
o culto en cada estrofa,  
en cada verso ti,  
mosaico de excelencias,  
capricho da natureza,  
depurada beleza,  
exquisito relato sensorial...

Camión por esta rúa  
San Roque  
escoitando o palpitar  
da terra que piso  
e nela a ti escoito.

Extraordinario cromatismo  
o das árbores outonais  
para a efímera fortuna  
do amante que fabula  
ignorante da caída da folla...

¡Ouh que doces  
os invisibles  
caraveis vermellos  
que hoxe che ofrendo...!

Neste sábado  
que bonito estar vivo  
e pola noite  
escoitar a Mike Stern  
no Círculo das Artes.

Que estupendo  
é estar vivo  
para pensar en ti  
e  
¿que mellor poema escribir

se nesta silente soedade  
podo inventarte á miña maneira,  
peleando por decantar  
os adxectivos que se me negan...?

*"Era tan fermosa como puiden imaxinala.*

*...*

*Os ollos máis profundos que as profundidades  
das augas tranquilas".*

César Antonio Molina

...mais,  
eu podo asegurar que existes:  
pola plácida calor do teu corpo,  
porque eres cidade para vivir,  
porto de abrigo,  
despensa de aromas,  
a monarca da miña república  
e porque,  
a pesar de que todo todo foi nada  
aínda sigo pensando en ti  
como o meu pan de cada día,  
o aire limpo que respiro,  
a deliciosa mazá madura,  
a luz que ilumina  
o último trago,  
esa compañeira  
para falar  
a soas  
coas mareas...  
carrusel de perlas,  
copa de trufas,  
flor divina,  
óleo,  
poñamos por caso,  
de Pablo Picasso.

*"y yo te veo porque yo te quiero"*  
Claudio Rodríguez

Contigo,  
miña encrucillada,  
meu casus belli,  
desenvaiñar o pecado  
e pecar eternamente  
e  
sen  
pedir  
a  
absolución  
pecar eternamente  
e durmir nas túas dunas,  
meu doce caos adolescente...

Devezo  
pola túa  
humidade  
de  
froita  
tropical.

Apetéceme  
almorzarte,  
xantarte,  
merendarte,  
a bicos  
metrallarte...

... a  
túa  
praza  
forte  
sitiar...

Ti eres para min gloria bendita,  
deliciosa música para desaparecer dentro,  
ouro rubí prata esmeralda,  
tecla de piano que fecundas  
mimosa azalea rododendros...

Nos áridos agostos sen ti  
o teu retrato vaso de auga fresca,  
repertorio sinfónico de amenidades  
non apto para todos os públicos,  
pero tamén manantial de tristeza...

Meu bolero de perdición,  
meu cruceiro de luxo,  
meu máis alto galardón,  
do xaneiro a camelia en flor,  
rio desbordado de seducción,  
meu sustento,  
coroa corola canción...  
nunca auga da túa fonte probei  
nin fío de saliva da túa boca.

¡Ai, ai de min,  
meu doce pecado imposible!

¿Por que será  
que me gustas tanto,  
mesmo ata o delirio...?

¿Pola estética  
da amena estampa  
que a miúdo pos en escena...?

¿Polo teu carisma  
de serea marabillosa...?

*Y no quiero ya otra cosa  
más que verte a ti querer.  
Pedro Salinas*

¡COMO TE BOTO DE MENOS!

Atrapado como estou  
por un golpe de amor  
a corazón aberto,  
a voz perdida,  
a palabra ensumida...  
¡como te boto de menos, meu amor!

Hai un segredo  
incoloro  
na cervexa que tomo  
e no mercado negro  
este amor á deriva,  
as frías rochas  
do desencanto...

...eu no vaso e a pique  
de perder o rumbo  
do teu porto de abrigo...  
...un monólogo violeta  
na miña triste alma de blues  
que se reivindica  
na engaiolante voz de Eva Cassidy...

*¡Canto e como te boto de menos!*

Miña prenda,  
a paixón máis dura,  
a que arrasa a calma,  
sufrir a distancia  
portadora  
dun virus que medra  
coma unha mancha  
de humidade nas paredes  
da miña alma.

A distancia,  
un apagón  
de lenta dixestión.

É noite pecha  
e a angustia rebota  
na ousadía  
da extraña vontade de perdurar  
na busca da túa ribeira...

Mais, o paso inexorable do tempo  
impide escapar da voracidade  
dos anos, aves de rapina...  
¿Como deter o reloxo?

Mírame, por favor.

Falo coma un vencido:  
a voz baixa,  
a cabeza agachada...

E mírame  
coma a un perdedor  
anestesiado e na desventura.

E non me reprendas  
se creo en ti.

Non  
me  
reprendas  
se nesta  
primeira  
edición  
desprezo  
a moderación,  
esgrimindo mil razóns  
para paladearte,  
para saborearte despacio  
como se saborea un bo viño,  
un gran reserva,  
a pequenos grolos.

Non me reprendas

nin me chames a capítulo  
se coa língua por pincel  
soño con vernizar  
os teus orificios,  
os teus vales e montañas,  
o teu corpo todo, todo...

Cada vez  
que te vexo  
meu amor  
é coma a primeira vez:  
refuxio  
para  
a fugacidade  
dos espellos,  
eses inimigos  
que me sacan as cores...

Cada vez  
que te vexo  
vexo  
a beleza  
en ti  
encarnada,  
as xemas  
dos meus dedos  
polo teu corpo...  
...nin creto dou  
ao que os meus ollos ven.

Ti,  
si,  
ti  
eres  
para  
min  
a  
máis  
linda  
de  
todas  
as  
madrugadas...

... meu pube imposible.

Como seiva xove  
corres  
polas miñas arterias  
levando  
un sopro de vida  
a este corpo  
que declina  
na corrosión dos anos.

¿Cómo eu facer para reter  
a túa beleza,  
a túa exquisita ambrosía...?

COLAPSO  
(prognóstico reservado)

Víctima  
do  
teu  
lindo  
sorriso,  
cálido,  
sensual,  
non  
podo  
sobrevivir  
inmune  
no repertorio de excusas...

*No hay mayor impotencia  
que compartir contigo un mismo tiempo,  
la luz, el aire... todo  
menos un mismo espacio.  
Ariadna G. García.*

Lugo,  
amor,  
ti paseando a Muralla,  
eu  
aí,  
coma quen di  
á volta da esquina, alerta,  
velando armas e soñando coa felicidade...  
¡e mira ti as tonterías que se me pasan  
pola cabeza e as cousas que acontecen na vida!

Tiñas o costume  
de recobrar os amigos da infancia  
-eu non reparara, blindado como estaba  
no vello idioma da mocidade-  
e tiñas cobiza das luces,  
medo a saltar sen mirar  
-para non perder o significado, dicías-,  
e non agardabas polo insomnio  
instalado na fatiga dos colegas  
e na conciencia dos fracasados.

Mentres eu na UCI  
contabilizaba  
perdas e ganancias  
da obra da miña vida  
-contento coma cando de neno  
facía coa miña navalla  
rodicios da raíz do nabo  
para xogar aos muíños de auga

nas congostras da aldea  
(hoxe mero resplandor da inocencia  
abandonada)-, mentres contabilizaba,  
un violín soaba e eu soñaba que nós-os-dous  
(*¡por favor, que este momento nunca acabe...!*),  
...soñaba que nós-os-dous, unha lixeira brisa,  
collidos-das-mans... Hai días nos que...  
¡que insaciabes as cartas que a imaxinación  
me xogaba!

Na televisión informan de cambios  
pero da cerna nada nada cambia.  
A intolerancia de funeral en funeral  
(*funciona/los hicimos mierda: unha reflexión  
sobre a Guerra do Golfo, de Harold Pinter*).  
A intolerancia -ave fénix que entra  
polos ventanais, sen epitafio-,  
a intolerancia, en plena recreación:  
*Las bombas estallan/Las piernas estallan/Las  
cabezas estallan/Los brazos estallan/Los pies  
estallan/La luz se apaga, Harold Pinter...*

O que trato de dicirche  
é que estás anclada en min,  
e que teño triste o corazón.

Nesta historia tamén florecen, firme que é a  
sentencia, cicatrices (herencia de promesas  
rotas), olor a renunciadas secretas e áridas  
músicas nun ramo de lilas murchas.

A dicir verdade,  
nesta historia  
navego a dez graos  
e unha palabra  
de latitude  
do teu amor.

Navego,  
amor,  
cohibido,  
amordazado  
en corsés  
de censura mental.

*Pondré mi oído en tu cuerpo.  
Podré mi verso en tu oído.  
Pondré tu cuerpo en mi verso.*  
Aurora Luque.

¿Talvez,  
princesa,  
teña eu que pedir permiso  
para pensar en ti...?

¿Talvez  
por querer  
descansar  
na ternura  
do teu meloso  
arsenal de caricias...?

Sei que ti eres para min  
un etéreo camiño sen meta,  
inalcanzable sabor de poros,  
a ecuación por resolver...  
talvez unha ilusión sen futuro,  
talvez unha causa perdida...

¡Abre,  
amor,  
as túas veas  
para eu beber, para eu vivir...!

¡Ai  
que fermosura  
a do lume que zuga  
o zume dos teus beizos!

¡Abre,  
amor,  
as túas veas  
para eu beber, para eu vivir...!

Dame un horizonte,  
o teu horizonte  
que chegue e se quede.

E o teu amor.

Dame unha esperanza,  
unha ilusión para vivir...

*Recibe este amor que te pido.  
Recibe lo que hay en mi que eres tú.  
Alejandra Pizarnik*

PRANTO DE ADÁN SEN EVA  
OU  
A MAZÁ PROHIBIDA DE CÉZANNE

Tan  
famento  
de ti,  
tan famento  
que devorar  
a discreción  
a túa boca,  
eis  
a miña aspiración...

¡Tan famenta  
da túa boca  
a miña boca  
estaba,  
suspirando  
pola chamada  
abrasadora  
que nunca chegaba...!

¿Escribirei  
algún día  
ese poema  
capaz de abrir  
de par en par  
as portas  
do teu corazón,  
pechadas  
como están  
para min  
a cal e canto  
e con sete chaves...?

*Mujer de hermoso ornato, te persigo  
en la noche, a duras penas te persigo  
aunque en vano lo haga.*

J.M. Caballero Bonald.

¡Canto  
eu non daría  
por atrapar  
uns gramos  
de xuventude  
para vivila contigo!

¿Serei capaz  
de perdonarlle  
ao tempo  
esta tremenda  
diferencia  
de anos  
que nos separa...?

¿Que podería eu facer  
para deter o tempo  
cando estás comigo?

¿Como prolongar  
o sabor dos teus bicos  
a mazá madura...?

Esa beleza túa,  
tan xenerosa,  
que se supera  
na súa mestizaxe  
¿será talvez o pretexto  
para a páxina en branco,  
esa páxina que nunca escribirei...?

## II

Ao principio foi o verbo  
(escaramuzas).

Logo, a catarse do que puido ser e  
non foi.

*Ojalá y te borraras de mis sueños, ojalá y se  
me olvidara hasta tu nombre*

-- "Hay demasiado ruido en los años  
hambrientos", dixeches.  
-- "Deixa que regrese á suor da terra.  
Aquí non hai sitio para todos e menos para os  
pobres", díxenche.  
--"Estoy por encima de la lucha de clases...".

De pronto ¿lembras?  
abrazamos das lecturas a da derrota,  
preparamos mil escusas convencionais  
e apagamos o perfume da aurora.

De repente ¿lembras?  
fusilamos a maxia e a ternura  
e recuperamos do faiado as maletas  
para os estragos das atuadas apertas...

As preguntas obsequiaron desvaríos  
nas finas perlas que nos reprochamos...

Insuflados de desidia, solemnes  
pechamos as portas das nosas almas,  
nas facturas do autismo extraviadas  
(¿a onde irán os soños, a onde irán?).

*"TE RECUERDO COMO ERAS EL ÚLTIMO OTOÑO"*  
eterno aspirante á túa compañía  
nos días de asfalto, libros e viño tinto,  
alimentando a soedade e a melancolía.

Sentado no meu triste corazón escondido,  
descalzo de palabras e amontoando  
os bicos do fracaso, a desolación e  
os coitelos da noite que me van destrozando.

*Vivir sin ti vivir, estarse muriendo sin morir,  
estar sin ti estar, estarse muriendo sin morir*

¿Cómo amarnos  
nas mentiras dos escaparates,  
sen pagar impostos pola tristeza...?

¿Como amarnos na desidia,  
na falta de correspondencia,  
espectadores que somos de nós mesmos...?

As malditas cifras que nos separan  
¿cómo amortizalas cando a brétema  
e os fogos de artificio  
apagan a música das nosas palabras?

¿Descalzándonos dos reparos  
e do rescoldo das tempestades?

¿Recuperando a convivencia...?

¿Como salvar o espolio...?

NON SEI VIVIR SEN TI.

Pero si sei  
que  
para  
min  
o único  
futuro  
posible  
contigo  
é o imaxinario,  
catando despacio  
o néctar das cinzas  
nos días nubrados  
e aboiando no lamento  
do querer e non poder.

Esfiañado o corazón  
como teño, só me resta  
saborear nas chagas  
o lique da nostalxia.  
Non hai escapatoria.

¡Que colleita de desamor...!

Avanza o outono, a caída da folla,  
esta agonía sen fin...

*O desamor, brutal amputación.*  
Lois Pereiro

Entraches na miña sacristía e deixáchesme  
as alforxas cheas de puntadas, o corazón  
amputado...Entraches coma unha tormenta de mar,  
un volcán en erupción... Malferido abro os  
ollos e vexo a miña desconcertante indecisión:  
¿vivir na resaca do que talvez nunca  
existiu...?

Furgando na hecatombe imploro, poeta  
amiga, a complicidade do teu nome para encorar  
o aroma transeúnte do seu nome:

*Vivir lo que no existe*

...

*Queda un itinerario de preguntas.*

Carmen Rubio

Nesta sanatorio siquiátrico, sempre  
podería quedar a amizade íntima daqueles días  
felices, tamén a ilusión de calendarios máis  
propicios para desintegrar os ecos e ocos da  
partida e non só o reverso da moeda, os  
vahidos, a resignación por compañía, un  
obsesivo corazón de ocasión...

Aquí e agora,  
petrificado como estou  
pola beleza dos teus ollos,  
¿quen me salvará da túa gruta  
que aínda me inunda de gozo?

De paso,  
turista que fun no teu amor,  
confeso que me perdo nos afluentes.

A porfía por arrincar  
a raíz do teu corazón  
do meu corazón  
retórcese nas úlceras  
dun esforzo inútil...

Vendo as ruínas...

¿Que podo agardar das luces constipadas  
do novo día, nun leito frío e sen ti?  
¿Un mero plaxio e un mollo de blasfemias?

Pregunto e adrede non respondes...  
¡eramos e somos tan diferentes...!

O noso non é un bo plan, meu ben.

Errante no meu propio fracaso (esta demolición descontrolada), fracaso que me empeño en calcar un día si e outro tamén, a verdade é unha balada de indefinicións: *amor ideal ¿anguía escorregadiza?; amor real, en carne viva ¿rezar para non tocar fondo...?.* Despistado como estou nos fotogramas da miña vida, no canto de actor principal interpreto o papel dun extra secundario, tunante en tránsito polos cascallos en sepia da propia historia en sepia.

Farto de tantas limitacións para amar e ser amado (esa impotencia dos bicos que nunca chegarei a darche), cuestiono a fotosíntese da canción melancolía, mendigo o éxito do EXIT para desertar da vida e ser, por fin, un digno protagonista no territorio do desencanto (o mellor postor para a traizón).

Ao fin, neste deserto, ti eres como area entre os meus dedos, area que se escapa... nada.

O diagnóstico non ofrece dúbida: estou clinicamente tóxico (no despropósito exerzo de piloto nun catálogo de improperios), esborrallado, perseguindo cada segundo tempos de miseria, lugares sen nome...Sen oficio nin beneficio, obstruído teño para sempre o camiño do regreso.

O barco sen tripulación ¿a onde ir, cando atenaza o medo a tocar o ceo...?

¿Onde os soños que se nos foron indo na espuma dos disimulos que tecemos, mentres a vida avanzaba en serio e a cara descuberta...?

Perdin a renda dos intervalos entre o non-ser e o que eu quería ser e na travesía gobernou unha vizosa colleita de incertezas.

¿Para que contarche agora que houbo unha vez un resplandor de azaleas no meu voo ferido se neste do amor viaxo de polisón?

As faíscas son efímeras e tamén as fantasías, as estelas (tamén as eruditas) extínguense e o bater de pálpebras ríndese ante as evidencias.

No éxodo musito adiviñanzas para alumar a procesión de ruínas, pero o que hai é o que hai...

...¡e pensar que ti fuches para min un paraíso de paz, pan e amor...!

Talvez non compense tropezar con estrépito no estupor nin magnificar as suposicións.

Para vencer ás chispas dos ollos que nos friten ou para derrotar aos corazóns frigoríficos que nos conxelan, cómpre asinar un complot coa intelixencia (nos momentos de apuro único salvoconductor)... para soltar lastre.

A verdade, estamos aquí de prestado e por iso, aínda que só sexa por iso, é mester fumar cada día con fruición, ao límite do posible, para non perder ese lugar seguro que chamamos equilibrio.

Contan os avezados,  
os vellos do lugar,  
que o tempo  
é o mellor quirófano  
para exorcizar  
os tempos de tristeza  
e fracasos,  
para os tempos de renunciadas,  
de baleiros, naufraxios  
e para as anédoctas banais.

¿Por que comerme entón o tarro  
desta maneira...?

¿O amor non murcha coa ausencia?

Fomos dous estranxeiros  
que non sabiamos a onde ir,  
perdidos nos litixios  
que disfrazamos de cordura,  
acunando o equilibrio  
en latas de conserva.

Coreografía de portazos...

Venerable rostro  
da miña desventura,  
ao final ¿que permanece...?

¿Talvez  
unha gripe mal curada...?

¿Talvez o desdén  
das coartadas...?

O veredicto é implacable:  
nesta historia  
na que non saíu o sol,  
os infractores somos nós os dous:  
eu e a túa ausencia.

*De ti quien me salvará  
entonces, dolor inmenso*  
Luisa Castro

*"Lloro ángel mío como un caballo joven  
que huye de su sombra*

*(...)*

*Oh gota de fuego, muchacha secreta*

*(...)*

*... en el aire has entrado  
como una hebra de luz en mi corazón.*

*(...)*

*Lo que recuerdo es bello"*

*Juan Carlos Mestre.*

Porén,  
e  
por  
máis  
que  
o  
intento,  
non sei  
despedirme  
de ti.

Deberíamos  
falar  
pero...

...non te vaias,  
por favor...

...xa sei  
que partín demasiado tarde  
na túa procura e que...

... se a vedes por aí dicídelle  
que a ando buscando en todas as pupilas...

Amor,  
ave de rapina  
que amputas as pupilas...  
Estou por agarrarte, palabra  
perversa, estou por agarrarte  
e afogarte con estas mans,  
retorcerche as vocais, con raiba...

...moribundo como estou,  
enfermo de amor,  
miña adelfa:  
¿cando abdicarei  
da túa ausencia e botarei a andar...?

*No olvides que tenemos  
una cita  
más allá de las sombras*  
José Corredor-Matheos

Eu ben sei  
que non podo  
ocultar  
tanta tristeza  
como herdo  
desta utopía  
estéril  
que foi  
a de querer-te  
máis que a min mesmo,  
eu ben o sei, pero...

Caín na trampa  
e desfilan feridas  
e nas fendas supuran  
augas turbias, adversidades,  
infortunios e saudades...

Pero chega a hora  
da insubmisión, a hora  
de galopar na rebelión,  
recuperando algo de vida.  
A hora de pasar páxina,  
de queimar o billete de ida,  
de mercar o billete de volta...

Transeúnte  
que fun  
polo teu amor,  
nunha misión imposible  
repaseite  
de pés a cabeza, meu amor.

A fortuna  
non me acompañou  
no campo de batalla:  
a victoria foime negada  
e  
os orgasmos sen bandeira...

Terrible  
o  
espolio  
na alborada:  
afogando as bágoas  
en vasos de coca-cola  
e ron habana  
perdín a túa beleza  
e os teus fermosos seos  
escaparon da miñas mans  
como pombas en desbandada.

Non había razóns de peso  
para a derrota.  
Non había razóns  
pero talvez bombas,  
disparos,  
versos eléctricos, ortigas  
que medraban na desnutrida soedade,  
escorregando perfidia polos labios  
e  
simplemente  
ou  
talvez porque  
os nosos corazóns aínda estaban moi verdes.

Porén  
sempre  
quedan  
momentos  
inesquecibles,  
marabillosos banquetes...

En  
Lugo  
tamén  
vai sol  
e  
as  
ilusións  
seguen,  
díscolas,

aínda que este río  
non se detén dúas veces  
na nazón de Breogán.

Boas noites,  
meu fugaz paraíso perdido,  
moitas grazas por ser.

Nacín nun tempo equivocado  
e son unha cifra equivocada...

Na república do amor  
a bolsa teño baleira  
de maneiras para quererte.

Perdín o brillo dos teus ollos  
pero quero vivir ¿sabes? quero vivir...

Adeus...  
Nos meus puños foron morrendo os soños  
-crime perfecto no bosque de Lugh-  
mentres agardaba o coche de liña,  
sen mochila,  
para viaxar a ningures,  
alí onde o tempo se pon a durmir,  
orfo, sen amiga.

Non te preocupes meniña,  
non hai paxaros no niño  
para prostituír

e prometo poñer fin ao asedio,  
sen compartir a decepción  
fermentada nas metáforas dos días grises...

O aeróstato pinchou  
planeando  
camiño de Compostela  
e regresei a pacios  
-o meu campo da estrela-,  
faleiche de castelao  
amor  
e non me entendiches,  
cónteiche caen bombas  
sobre Bagdad, hai nenos  
mortos, a centos,  
e ti *"qué pena, tan pequenitos..."*  
e os segundos foron séculos,  
chovían croios como metáforas,  
mellor nin o toques,  
baixo mínimos,  
noqueado,  
nada que facer,  
ti a tese  
eu a antítese (ou viceversa)  
e sen posibilidade de síntese  
e calo...  
¡somos tan diferentes...!

Estando tan cerca  
¡estamos tan distantes...!

...e rompín a chorar  
e abandonei a idea

de volver a empezar...

Comesto da morriña,  
a mirada asasina,  
decadente, displicente,  
desprovisto de significado...

Para non seguir asañándome  
comigo, quero crer  
que ti eres unha ordinaria,  
unha persoa vulgar,  
unha simplona, unha paifoca,  
unha superficial, unha mediocre,  
aduladora do prestixio convencional,  
abstemia na cultura  
(a túa cultura: "chiflada  
por los trapitos"), carne de culebróns,  
víbora, cotilla, cretina,  
un feixe de toxos, unha xesta,  
un rabaño de apatía (nada transgresora:  
como il faut), insubstancial,  
un xoguete infantil,  
unha xudas contando as moedas  
de prata (femme fatale, querendo  
voar alto pero con chumbo nas alas),  
unha pura sangue  
da insensibilidade (a sensibilidade  
na sola dos zapatos), un avión baleiro  
tan triste coma unha fábrica  
abandonada, unha aldea deshabitada,

unha casa sen tellado,  
unha funcionaria  
deprimente e deprimida  
a fotocopia dun paxaro  
triste en tempo de inverno...  
quero crer, quero pensar  
nunha caravana de insultos,  
quero nesta deriva...

*¿Serás amor,  
un largo adiós que no se acaba?*

Acurralado como estás,  
prepárate amigo  
-a min mesmo falo-  
para zarpar rumbo  
ao misterioso mundo  
daqueles  
que aman sen ser amados,  
esa escola compartida  
por poetas malditos,  
suicidas extramuros,  
confidentes extraviados,  
oblicuos, tépedos derrotados  
da imposible permanencia do fado.

O que ben amas...Melancólica sombra  
en góndola polas brétemas do Miño,  
un fermoso ramo de lilas...

Para as fendas do corazón  
non serven parches de aire.

Descarto a idea  
de regresar  
de xeonllos  
na cabeleira  
do vento.

En todo caso,  
e se ti consentes,  
que me enterren  
nas trenzas  
do lindo sorriso  
que debuxaron os teus labios...

Por certo,  
-e non esquezas  
isto nunca,  
por favor-  
hai que amar,  
amar e amar,  
perdidamente  
e con loucura,  
a tope,  
que os tempos  
das lástimas  
precipítanse  
nas entrañas  
das sombras  
que avanzan.

Hai que amar e amar  
antes de que os anos,  
astutos, brutos,  
e antes de que os remorsos,  
rudos e bruscos,  
nun enredo de rodeos  
presenten como conclusión  
o definitivo,  
ese infinito silencio que axexa,  
furtivo cazador de torsos.

Cando esteas absolutamente convencido de que para ti todo está perdido -ese gran amor da túa vida- pecha os ollos, deposita o ruído de norte a sur e nada de lágrimas (nesta vida estamos de paso, somos inquilinos e non paga a pena...)

A incomunicación roeu  
nas miñas entrañas  
coma unha queimadura de segundo grao  
(¡que duro este deserto glaciado  
despois de quererte  
tanto tanto como te quixen...!).

A pesar de todo, xúrocho,  
a pesar de todo ¡todo foi tan bonito...!

*"SABRÁS que no te amo y que te amo  
puesto que de dos modos es la vida,  
la palabra es un ala del silencio,  
el fuego tiene una mitad de frío"*

PABLO NERUDA

*"Eu era libre e ti escrava.  
Eu caín na escravitude,  
ti recuperaches a liberdade"*

AL-BUHTURI

Quero escribir: *cando ames a outro, pero...*  
(non estou limpo: xogo coas cartas marcadas...)

¡Horror vacui!  
"Mi alma no se contenta con haberla perdido"

Quero escribir: *cando ames a outro...*

Inútil martirio o que segue á derrota: ti nacida para ser libre, eu suspirando inutilmente polo mando a distancia da nosa historia en declive.

Quero escribir: *cando ames...*

Detective en amarguras, non souben descifrar as marxas do teu silencio nin os recantos dos rumores nas nosas soidades periféricas...

Quero escribir...

A decepción deslízase na órbita e sei de penitencias e abandonos, contemplando impotente como o proceso do noso despezo avanza, imparable, en caída libre...

¿Que importa a vida cando ti non estás aquí, comigo...?

RESCOLDOS NO MASTÍN LEAL

*"Se van las últimas luces  
y acaba la función..."*

¡Estes meus torpes beizos  
que descarrilan nos versos...!

Se algunha vez  
me quixeches  
¿por  
que  
aproveitas  
para traficar  
cos meus sentimentos  
en bancarrota...?

Atrapado  
na túa cruel beleza  
(os días camiñan veloces),  
acepto,  
lívido pero con sosego,  
a influencia adversa  
dos astros,  
a perda de afecto.

Talvez por iso,  
en discreta vinganza,  
ámote  
pro-fun-da-men-te,

intimamente,  
ata perder a liberdade,  
a ti encadeado eternamente,  
malogrando as horas a punto de partir.

Por certo,  
e para que os soños  
non nos morran nos brazos  
nin os abrazos nos nosos pasos,  
convén impugnar  
as máscaras puritanas,  
pulverizar os chismes,  
desintoxicar as pupilas  
dos outonos sombrizos,  
escanciar o magnetismo  
da cor azul e rosa das lilas  
e regresar ao niño  
compartindo  
nos  
ollos  
un ramo  
de oliveira...

Este breve poemario que tes nas túas mans, lector, non é senón a botella que pousei no incontrolable mar da imaxinación con apuntes extractados dun amor non correspondido, talvez nun van intento de porme en paz comigo mesmo.

O amante que asina, lobo solitario, de hábitos nocturnos e triste destino, no axuste de contas laborou con ansia para unha longa viaxe polo mapa máxico da inconsistencia.

De entrada pagou o tributo do biógrafo diante da liña en branco, de saída...

*"Se lo he contado a ustedes porque sólo olvido lo que soy capaz de escribir. Disculpen el atrevimiento"*. Juan José Millás.

O único obxectivo que guía a este libro é que ti non existas para min como eu tampouco existo para ti (no teu futuro non se vislumbra o meu futuro).

Cando un amor esmorece imponse sobrevivir, con ou sen manual de instrucións pero sobrevivir, coller o temón da vida e sobrevivir neste parque de atraccións sen sentimentos, neste mundo de corazóns de quita e pon, para non ser só a memoria do que perdemos...sen tirar ao cubo do lixo a admonición do poeta Ernesto Cardenal: *"La que más quisiste y no te quiso/ quiera o no quiera estará unida a ti"*

NA ABSTINENCIA

¿sempre a terei que levar comigo...?  
¿será ela o opio do meu alelado corazón...?

Penso que debo  
baixar da nube,  
abandonar  
o castelo  
encantado,  
se quero redimirme  
e non pagar o prezo  
dun permanente presidio.

O amor é un crime no que ademais do autor  
sempre é imprescindible un cómplice...

*...teño que saír de ti...*

¿Como escribir o epitafio para un adeus  
que nunca se acaba...?

¡Unha tila, por favor!

FIN

Agradecemento: dun xeito moi moi especial a  
Rebeca pola súa soberbia aportación: ¿acaso é  
ela o único garavanzo do cocido...? Obrigado.